

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría.

Por Resolución de do 13 de outubro de 2021 (DOG núm. 203, do 21 de outubro) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius. Dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría.

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Pilar Hernández Gamazo, investigadora do Instituto de Física Corpuscular (IFIC)- catedrática na Universidade de Valencia.

Vogais:

David Mateos, profesor de Investigación ICREA no Departamento de Física Cuántica e Astrofísica da Universidade de Barcelona

José Luís Fernández Barbón, director do Instituto de Física Teórica (IFT) e investigador científico do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que consta na marxe
A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar

